

APRENDE COAS MULLERES GALEGAS

actividades



Ilustracións: Tania Solla
Textos: Polo Correo do Vento

ERNESTINA OTERO

(Redondela 1890 - Redondela 1956)

Foi unha mestra e pedagoga galega que traballou para implantar un novo xeito de aprender nas escolas.

Ernestina estuda Maxisterio en Pontevedra e logo marcha a Madrid á Escola de Estudos Superiores, sendo unha das primeiras mulleres na Universidade.

Unha vez licenciada volve a Pontevedra para dar clase na Escola de Maxisterio, onde chegará ser a directora. Neste tempo practicará unha pedagogía que impulsará o ensino igualitario de nenos e nenas, fomentará a educación de persoas adultas e impulsará unha aprendizaxe baseada na experiencia, facendo excursións e visitas escolares. Todo este xeito de traballar é unha influencia da Institución Libre de Ensinanza (ILE). Ao chegar a guerra civil é apartada inxustamente do seu oficio e da dirección do centro universitario.

Unha pioneira é aquela persoa que realiza os primeiros traballos nunha actividade.

MULLERES GALEGAS

pioneira



Ernestina Otero asinou en 1933 o manifesto de intelectuais a favor do Estatuto de Autonomía de Galicia, sendo xunto á inspectora María Cruz Pérez as únicas mulleres asinantes.

Achegamos a continuación unha listaxe de **mulleres pioneiras**, pero na segunda columna as súas profesións están desordenadas. **Pescuda na rede e une correctamente** cada muller coa súa profesión.

Valentina Tereshkova	Primeira arquitecta de Galicia
Rosalía de Castro	Primeira muller almirante da armada
Ángeles Alvariño	Primeira árbitra de balonmán nuns xogos olímpicos.
Manuela Barreiro	Piragüista con 5 participacións nos xogos olímpicos
Isabel Barreto	Primeira muller homenaxeada no Día das Letras
Cristina Fernández	Primeira muller nun buque científico da armada inglesa
Rita Fernández Queimadelos	Primeira muller cosmonauta
Teresa Portela	Primeira farmacéutica galega

Sabías que Ernestina Otero pensaba que o mellor xeito de aprender era a vivencia persoal do alumnado?

MULLERES GALEGAS

reflexiona



Era partidaria de facer excursións para observar e deducir en vez de memorizar. Algunhas alumnas aínda recordan cando foron de excursión á Cerámica Celta en Pontecesures e á Misión Biolóxica de Pontevedra, ou cando algunha vez a acompañaron ao cinema, ao que era moi afeccionada.


Agora que estamos a vivir este período de confinamento na casa, pensa cal vai ser a primeira excursión que vas facer na túa vila. E en Galicia? E no mundo?

No tempo de Ernestina Otero moitos dos pais e nais do seu alumnado non sabían ler e escribir.

Ao decatarse desta situación, ela desenvolveu programas de alfabetización.

MULLERES GALEGAS

colorea



Realiza este encrucillado no que aparecerán agochados diferentes termos relacionados coa vida de Ernestina Otero.

MULLERES GALEGAS


encrucillado

Horizontais:

- 1—Lugar de nacemento de Ernestina Otero.
3 — Afección de Ernestina Otero.
8 — Vila onde foi directora da Escola de Maxisterio.
11 — Profesión de Ernestina Otero.

Verticais:

- 2—Ernestina fixo á cerámica Celta en Pontecesures ou á Misión Biolóxica de Pontevedra.
5 — Deu clase pouco tempo nesta cidade onde hai uns mananciais de auga quente chamadas Burgas.
7 — Ernestina estaba influenciada pola Institución Libre de Ensinanza. Sigla.
10 — Ernestina loitou por unha educación en igualdade das



Atopa
as sete diferenzas
nestas ilustracións
gastronómicas.

MULLERES GALEGAS

diferenzas

Ernestina Otero traballou ao longo da súa vida para que as escolas contasen con comedores escolares para que o alumnado tivese unha alimentación boa e saudable.



Comproba
as túas
actividades.

MULLERES GALEGAS

soluciona

diferenzas



encrucillado

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
1	R	E	D	O	N	D	E	L	A	
2		X								
3		C	I	N	E	M	A			
4		U								
5		R			O					N
6		S			U		I			E
7		I			R		L			N
8	P	O	N	T	E	V	E	D	R	A
9		N			N					S
10		S			S					
11				M	E	S	T	R	A	

pioneiras

- Valentina Tereshkova — Primeira muller cosmonauta.
 Rosalía de Castro — Primeira muller homenaxeada no Día das Letras Galegas.
 Ángeles Alvariño — Primeira muller nun buque científico da armada inglesa.
 Manuela Barreiro — Primeira farmacéutica galega.
 Isabel Barreto — Primeira muller almirante da armada.
 Cristina Fernández — Primeira árbitra de balonmán nuns xogos olímpicos.
 Rita Fernández Queimadelos — Primeira arquitecta de Galicia.
 Teresa Portela — Piragüista con 5 participacións nos xogos olímpicos.